

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE FRIOL PARA A EXECUCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A ALBERGAR A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL E MUSEO DO QUEIXO E DO PAN DE OUSÁ.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Cultura ten previsto formalizar co Concello de Friol o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2027.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Friol para realizar o proxecto de execución dun edificio dotacional destinado a biblioteca municipal e museo do queixo e do pan de Ousá.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. O Concello de Friol pretende levar a cabo unhas obras destinadas a albergar a biblioteca pública, unha necesidade básica que dará servizo á totalidade do concello. A súa importancia radica en ofrecer acceso gratuito e equitativo á información, eliminando barreiras económicas que limitan o aprendizaxe. As bibliotecas considéranse centros esenciais de información, cultura e educación que operan sobre a base da igualdade de acceso para todos os cidadáns. O edificio da biblioteca tamén contaría cun espazo destinado a museo do queixo e do pan de Ousán. A cultura galega ten en Friol un dos seus grandes baluartes gastronómicos baseado na simbiose entre o Queixo de Friol e o Pan de Ousá. O museo sería un escaparate vivo que proxectaría o nome de Friol hacia o exterior.

Por todo o anterior, o concello de Friol é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida, sendo esta actividade con estas especiais características, a única que se vai desenvolver na nosa Comunidade Autónoma.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos





recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

